

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN ELECTORAL DO 20 DE ABRIL DE 2020

LISTA DE ASISTENTES

Carballo González, Ángeles
Couto Cancela, Daniel
Dafonte Gómez, Alberto
Gómez Rodríguez, Alma María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Reigosa Roger, Manuel
Rico Fuentes, Juan Jesús
Ríos Santomé, María José
Domínguez Blanco, Santiago
Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Isorna Folgar, Manuel

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 20 de abril de dous mil vinte, convocada para as 10:00 h. en única convocatoria nas sala 16 do Campus Remoto (Secretaría Xeral).

O día 20 de abril de 2020 ás 10:00 h deu comezo a xuntanza extraordinaria da Comisión Electoral, presidida polo reitor, co obxecto de tratar o seguinte punto da orde do día:

Punto único: “Acordo sobre a suspensión dos procesos electorais na Universidade de Vigo durante o estado de alarma”.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, que expón o marco legal da situación creada polo Decreto 436/2020, do 14 de marzo, sobre o estado de alarma, suspendendo os termos e os prazos nos procedementos administrativos. Ante as preguntas dirixidas á secretaría xeral sobre o desenvolvemento de procesos electorais na Universidade no dito marco, consultouse coa Asesoría Xurídica, que declarou nun informe do pasado 16 de abril que a este tipo de procesos “lles sería de aplicación o previsto na Disposición Adicional 3ª do R.D. 436/2020” e que “deberá ser a Comisión Electoral quen se pronuncie ao respecto sobre esta materia, como órgano con competencias específicas”. O secretario xeral explica asemade que a este tipo de procesos non lle sería de aplicación a excepción disposta no parágrafo 4º de dita DA 3ª do RD 436/2020. Recomenda seguir o criterio expresado pola Asesoría Xurídica e suspender os procesos electorais mentres dure o estado de alarma. María José Ríos Santomé móstrase de acordo, ao no poder garantirse unha participación adecuada no proceso en caso contrario. Daniel Couto Cancela coincide coas opinións vertidas. Outros membros da comisión manifestan o seu consentimento no chat público dispoñible. O reitor solicita o asentimento.

Apróbase por asentimento a suspensión dos procesos electorais na Universidade de Vigo durante o estado de alarma e as súas prórrogas.

Delégase na secretaría xeral a redacción e transmisión do acordo.

O secretario xeral aproveita para informar asemade que recibíuse unha consulta dun departamento da Facultade de Filoloxía e Traducción sobre as posibilidades técnicas para realizar unha votación secreta a distancia. María José Ríos Santomé sinala que nestes casos debe estarse ao disposto na normativa. O secretario xeral indica que transmitirá a consulta á Asesoría Xurídica.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:22 h do día 20 de abril de 2020, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez